

LINGUA GALEGA

Galicia Confidencial comeza aquí 'Chegada: Galicia', unha serie de entrevistas a persoas que, dende diferentes partes do mundo, colleron un billete de ida cara a Galicia e non volveron marchar. O primeiro en abrir esta quenda de conversas é Wage Kori, un rapaz do campamento de **refuxiados** de Smara, no Sáhara. Cun galego perfecto, cunha gheada orgullosa, Wage relata como foron aqueles tempos en que chegou a Frades, a aldea que o acolleu.

Galicia sempre foi terra de **emigrantes**. Poucas casas debe haber que non teñan familiares no estranxeiro. Mais ás veces, esquecemos axiña a nosa propia historia, esquecemos que houbo un tempo en que eramos nós quen marchabamos a outras terras cunha maleta a medio encher e na procura dunha vida mellor. Esquecémolo, sobre todo, cando máis nos precisan como terra de acollida. Bo é que a historia sempre está aí, para recordarnos o que fomos e guiarnos no futuro, para non repetir erros e para **calar bocas**. 'Chegada: Galicia' é o que versan os billetes de avión, tren ou autobús - cando é que hai billetes - de moitas persoas que, dende diferentes partes do mundo, viñeron dar a este país. Por iso, 'Chegada: Galicia' comeza agora en forma de serie de entrevistas que o GC abre para **visibilizar** as historias desas mulleres e deses homes que, un día, colleron un só boleto no despacho de billetes, o de partida.

Son as oito, xa é noite pecha e chove. Os bares da redonda da Ponte Carreira vanse enchendo ao que rematan as xornadas de traballo. O trasfego de coches de arriba para abaixo dálle ao pobo unha especie de 'vida de paso'. Vexo ao lonxe que se achega cara a min un rapaz riseiro que escapa da choiva. "Son Wage! Encantado! Pasamos logo tomar algo?". Pasamos, claro!

Wage Kori traballa nunha empresa de construción de pladur en Sobrado dos Monxes. Entra no bar e pide o de sempre. Xa leva aquí 17 anos dende aquel día en que pisou un pé por primeira vez en Galicia, e en concreto, en Ledoira - Frades -, a aldea de onde é a súa familia de acollida. A infancia ata os oito anos pasouna no campamento de refuxiados de Smara, no Sáhara. "O día que viñen todo eran choros. Do único que me acordo é de ter ganas de marchar", di cun medio sorriso. "Claro, imaxínate o contraste".

Uxía Iglesias. *Galicia Confidencial* (18/12/2019).

CUESTIÓNS

1. Explique o significado que teñen as seguintes palabras e expresións no texto (marcadas en letra negra): *refuxiado*, *emigrantes*, *calar bocas*, *visibilizar* (1 punto).

2. Escriba un título e un resumo do texto (2 puntos).

3. Indique a palabra simple da que derivan as seguintes formas subliñadas do texto: *chegada*, *orgullosa*, *emigrantes*, *familiares*, *acollida*, *riseiro*, *construción*, *refuxiados*, *choros*, *sorriso* (1 punto).

4. No texto aparecen as formas verbais *marchabamos* (l. 8) e *viñen* (l. 25). A primeira está en pretérito imperfecto ou copretérito e a segunda en pretérito perfecto. Conxugue ambas, tendo en conta que *vir* é un verbo irregular e no texto non aparece na súa forma normativa. Localice no texto tres formas verbais máis de pretérito perfecto e conxugueas tamén (2 puntos).

5. Escriba un comentario crítico sobre o tema do texto, engadindo argumentos propios a favor ou en contra da opinión da autora (4 puntos).